


# EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONÍS:

## DATOS CONTRA A MENTIRA

No inicio dunha nova lexislatura no Estado español e nas vésperas das eleccións galegas, imos cara ao terceiro ano da entrada en vigor da reforma das pensións que, segundo o Goberno central, recuperaba a revalorización das pensións anualmente de acordo ao IPC.

Mais, como xa advertimos desde a CIG, esa revalorización ten truco xa que se fai con respecto ao IPC medio do ano, en lugar de ter en conta o IPC acumulado:

- Con este mecanismo de cálculo aumenta a perda de poder adquisitivo das nosas pensións.
- A carestía da vida continúa, mesmo con picos de aumento, sendo cada día máis difícil afrontar consumos básicos para a nosa vida diaria.
- As pensións na Galiza son as segundas máis baixas do Estado despois de Estremadura, cun importe de 1.154,08, un 14% inferior a pensión media no Estado de 1320,41.
- O Fondo das Pensións chegou a acadar un importe de 69.000 millóns de euros no ano 2012 e foi baleirado polo Goberno español até deixalo con apenas 2000 millóns en 2019.
- No 2023 estímase un gasto en pensións no Estado español do 11,5% do PIB, un 0,9% menor que o 2020, un gasto en pensións inferior á media da UE.
- Todos estes datos oficiais confirman que o sistema de pensións só precisa emprego e salarios dignos para a clase traballadora. A precariedade, en forma de contratos fixos descontinuos, a tempo parcial, as ETT e a eventualidade, é a que pon en perigo as pensións.
- As persoas traballadoras de menos 35 anos teñen unha cotización media 5,35 anos, as de 44 anos de 13,5. A viabilidade do sistema é posíbel sempre que haxa traballo estábel.



# EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONÍS

**CIG**  
COLECTIVO DE XUBILADOS/AS  
E PENSIONISTAS

Por todo isto, desde o Colectivo de Xubiladas e Pensionistas da CIG reivindicamos que, governe quen governe, as pensións se defenden, polo quede mandamos:

- A revalorización das pensións conforme o IPC acumulado a final de ano e a fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (que no 2024 debe ser de 1.253€, que é o 60% do salario medio), como recomenda a Carta Social Europea.
- A recuperación dos dereitos perdidos en canto ás pensións, demandando a derogación das reformas das pensións, a comezar pola de 2011, a de 2021 e a última do 2022.
- Unha auditoría para saber a onde foron parar eses 67.000 millóns de euros, depurando responsabilidades por isto, así como a devolución do roubado.

# LOITAR POR MELLORES CONDICIÓNS LABORAIS. EMPREGO E SALARIOS DIGNOS

## GARANTE O PRESENTE E FUTURO DO NOSO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONÍS



# EN DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIONÍS



COLECTIVO DE XUBILADOS/AS  
E PENSIONISTAS